



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

CONCURSOS

Na reunión de onte a AEAT facilitounos os criterios que se utilizarán para a valoración da conciliación nos concursos que están próximos a resolver (CTH e Axentes de Facenda Pública). Como sempre, criterios que veñen impostos e nos que non se admitiu ningunha das propostas da parte social que facilitarían que a puntuación da conciliación se dera só nos casos debidamente xustificadas.

Entre outras cousas, pedimos que as condicións para outorgar esa puntuación se cumpran non só no momento de presentar a instancia do concurso senón tamén no momento da súa resolución, pois pode haber situacións que cambien nese período de tempo (traslados de domicilio, falecemento das familiares que deron lugar a esa puntuación...etc), dando lugar así a situacións inxustas e a utilización da picaresca. Como xa dixemos antes, ningunha das nosas propostas foi atendida, polo que os criterios existentes para a puntuación do concilia seguen igual que ata agora. Temos a vosa disposición os documentos cos criterios que se utilizarán na resolución deses concursos.

Aproveitando a viaxe interesámonos tamén pola situación dos **CONCURSOS** que están próximos a resolver e/ou publicar.

PRÓXIMOS A RESOLVER:

- **Corpo Técnico de Fachenda**- "Concurso Movilidad 2009 A 05" (BOE 23/11/09)

Os listados provisionais facilitaranse, con toda seguridade o venres día 22 de xaneiro, coa idea de comezar a resolvelo na vindeira semana (data inicialmente prevista: 27 de xaneiro).

- **Axentes de Fachenda Pública**- "Concurso Movilidad 2009 A 06" (BOE 22/12/09)

A previsión coa que se traballa en RRHH é a de resolvelo nas primeiras semanas de febreiro.

PRÓXIMOS A CONVOCAR:

Despois da múltiple rumoroloxía ao respecto nestas últimas semanas, poidemos confirmar que **SÍ** haberá concurso de mobilidade para os funcionarios de **Vixilancia Aduaneira**.

Na actualidade o Departamento de RRHH está a traballar na redacción da convocatoria do concurso e aínda non poden facilitarnos a relación de prazas a convocar. Segundo nos informaron, os responsables de Vixilancia Aduaneira están elaborando un borrador coas necesidades de persoal en base as peticións dos Rexionais que se remitirá a RRHH para o seu estudo. No momento que se nos entregue o borrador do concurso facilitaremos toda a información ao respecto.

SEGUIREMOS INFORMANDO

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF: 981 61 68 89-EXT.: 868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

WWW.CIGAEAT.COM